

## **Que se escoite a túa opinión participa !**

Os sistemas de Previsión Social son conquistas da clase obreira, froito da loita pola mellora de vida dos traballadores e traballadoras, e xa sabemos que aqueles dereitos que non se defenden poden acabar perdéndose. Hoxe podemos estar diante dunha reforma nas pensións que nos recorte dereitos coa escusa da crise que tan ben rentabilizan a banca e a gran empresa, podemos acabar pagando só os traballadores e traballadoras.

En Telefónica dispoñemos, logo da liquidación da ITP, da posibilidade de acceder a un complemento da pensión a través do Plano de Pensións. Mentres no anterior modelo sabíamos o que cobraríamos cando nos xubilásemos, hoxe xa non é así, cobraremos en función de como se xestionen os nosos recursos. Todos lembramos como as eleccións á comisión de control foron substituídas polo actual sistema de designación que impide a participación de xubilados e prexubilados. É fundamental recuperar as eleccións á Comisión do Control para que partícipes e beneficiarios poidamos elixir quen nos representa.

Agora temos o raposo ao coidado do galiñeiro, os mesmos que xestionan o Plano seica están a vixiarse! Esta falla de transparencia e democracia venlle moi ben aos que xestionan os nosos recursos, para facer e desfacer como lles convén. Sobre a pésima xestión que está a ter o Plano de Pensións nos últimos anos non é preciso comentar nada pois os datos falan por eles mesmos, é preciso menos especulación e máis seguridade e garantía.

Dende a CIG queremos animar a todos os que participen nas "assembleas informativas" a que fagan escoitar a súa voz, que a opinión dos que formamos o Plano de Pensións sexa expresada con claridade nos actos que se celebren. Non podemos quedar calados mentres somos apartados das tomas de decisión na xestión dos nosos recursos, están xogando coa nosa previsión social e teñen que escoitarnos.

**NON QUEDES CALADO, PARTICIPA E DÁ A TÚA OPINIÓN**

**PORQUE QUEREMOS DECIDIR SOBRE OS NOSOS RECURSOS**

**POLO CAMBIO DOS CRITERIOS E DA POLÍTICA DE INVESTIMENTOS**

**POR UNHA ELECCIÓN DIRECTA E DEMOCRÁTICA**

**ELECCIÓN XA!!!**